

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 18 de xuño de 2002 pola que se modifica a do 13 de abril de 1993 (Diario Oficial de Galicia do 23) que establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica.*

Por Orde do 13 de abril de 1993, DOG do 23, regulouse o procedemento para a implantación da xornada lectiva única nos centros de educación infantil, primaria e xeral básica, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Posteriormente, ese procedemento de autorización ampliouse ós centros públicos integrados, mediante a Orde do 25 de xaneiro de 1999, DOG do 27.

Dada a experiencia adquirida, e co obxecto de racionalizalo procedemento de solicitude da autorización administrativa para implantala xornada lectiva en sesión única de mañá, parece máis oportuno e eficaz que os centros docentes, con carácter previo ás demais actuacións, obteñan a conformidade inicial da autoridade administrativa competente nesta materia. Situación que implica a inversión dos trámites necesarios para obter a autorización correspondente da Administración educativa, e que conduce á necesidade de modificalo punto 1º da Orde do 13 de abril de 1993.

En consecuencia, esta consellería, en virtude do previsto no artigo 1 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

#### DISPÓN:

Artigo único.-Modifícase o punto 1º da Orde do 13 de abril de 1993, DOG do 23, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica, que queda redactado co seguinte texto:

1. Os centros de educación infantil, de primaria e os centros públicos integrados poderán solicitar a autorización da implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá, sempre que reúnan as seguintes condicións, que serán preceptivas para a concesión da autorización:

a) Inicialmente, de conformidade expresa da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre os termos que figuran no parágrafo segundo do punto 6º da Orde do 13 de abril de 1993, logo da oportuna solicitude do centro cos requisitos que se expresan nos puntos

2º e 3º da mesma disposición, e dos acordos favorables do claustro de profesores e do consello escolar do centro, adoptados polos dous tercios dos seus integrantes, respectivamente.

b) Posteriormente, acordo favorable dos dous tercios do total do censo de pais ou titores legais dos alumnos. Para efectos deste censo, e votación, computarase unicamente un só membro.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2002.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Decreto 223/2002, do 13 de xuño, polo que se modifica o Decreto 341/1998, do 12 de novembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos órganos colexiados na área das drogodependencias.*

Con anterioridade á promulgación da Lei de Galicia sobre drogas, polo Decreto 174/1994, do 2 de xuño, de órganos colexiados de coordinación en materia de drogodependencias, creábanse a Comisión de Coordinación Interconsellerías, Interadministracións Públicas e de Coordinación con Organizacións non Governamentais, comisións que tiveron como antecedente a Comisión Galega de Prevención e Loita contra a Drogodependencia, creada polo Decreto 81/1985, do 21 de marzo.

Cómpre recordar tamén a existencia da Comisión Tripartita de Prevención e Integración de Drogodependentes, creada polo Decreto 218/1993, do 24 de setembro.

O Decreto 341/1998, do 12 de novembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos órganos colexiados na área das drogodependencias puxo fin á dispersión normativa existente na regulación dos órganos que actuaban no campo das drogodependencias.

Parece oportuno optar polo mantemento dos citados órganos colexiados, dado que aínda constitúen vehículos adecuados de comunicación dos intereses dos distintos colectivos, se ben con algunha modificación na súa estrutura e funcións para adecualos ós cambios acontecidos na estrutura orgánica da Xunta de Galicia polo Decreto 310/2001, do 17 de decembro (DOG nº 243, do 18 de decembro) que estableceu a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e polo Decreto 44/2002, do 8 de febreiro, que estableceu a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG nº 37, do 20 de febreiro).

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de xuño de dous mil dous,